



**APRAFOGA** Asociación Profesional de  
Axentes Forestais e Medioambientais  
de Galicia

## COMUNICADO DE APRAFOGA EN RELACIÓN O LUME ACONTECIDO EN CERDEDO-COTOBADA.

Ante as manifestacións feitas por D. Jorge Cubela, Alcalde do Concello Cerdedo-Cotobade, nas que afirmaba que a actuación do Axente Medioambiental desprazado o día 15 de xullo o incendio na carpintería de Calvelo Tenorio, fora “mezquina e de omisión do deber de socorro”; dende Aprafoga vemonos na obriga de solicitar a inmediata rectificación das súas desafortunadas verbas.

Ao respecto das actuacións do compañeiro debemos recordar cos Axentes Medioambientais temos encomendadas as labores de dirección de extinción de incendios forestais, traballo para o que estamos perfectamente preparados coma se ven demostrando ano tras ano dirixindo case o 100% dos lumes forestais de Galicia.

Lamentablemente e moi o noso pesar non dispoñemos nin de formación, nin dos medios axeitados para a extinción de lumes en naves industriais, a pesares de levar moitos anos solicitando a nosa inclusión nos servizos de emerxencia do 112 en aras de evitar desgraciados sucesos coma o acontecido esta pasada fin de semana.

Por último debemos salienta a correcta e exemplar actuación do noso compañeiro cuxa principal misión é velar pola seguridade do persoal de extinción ao seu cargo.